PARLAMENTO DE GALICIA

Subvencións concedidas no 2020 polo Parlamento de Galicia

Nº	ENTIDADE	SUBVENCIÓNS 2020 CONCEDIDO	SUBVENCIÓNS 2020 TOTAL XUSTFICADO
Subvencións a entidades de carácter social		**162.253,23**	**160.985,70**
I.	**Convenio de colaboración do 27/11/2020 coa Consellería de Medio Rural para a provisión e repartición de alimentos para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19**	**117.547,62**	**117.547,52**
1	CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO	2.384,82	2.384,82
2	FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO HOGAR SAN JOSÉ	6.072,18	6.072,18
3	MISIÓN DEL SILENCIO	1.865,08	1.865,08
4	ASOCIACIÓN DE FEIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO	5.649,48	5.649,48
5	CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.534,38	1.534,38
6	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	3.266,64	3.266,64
7	ASOCIACIÓN DE CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	3.334,95	3.334,95
8	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE PAÚL	2.985,67	2.985,66
9	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	14.007,05	14.007,05
10	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO	29.600,63	29.600,63
11	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE	18.530,63	18.530,55
12	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS	11.451,92	11.451,92
13	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA	3.166,40	3.166,39
14	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS SANTIAGO DE COMPOSTELA	13.697,79	13.697,79
II.	**Convenio de colaboración do 16/12/2020 coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a Consellería de Medio Rural para a provisión e repartición de menús de nadal para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19**	**44.705,61**	**43.438,18**
15	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	8.449,12	8.209,58
16	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA	242,97	236,08
17	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	261,19	253,78
18	ASOCIACIÓN DE CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	607,41	590,19
19	ASOCIACIÓN DIGNIDADE GALICIA	2.071,28	2.012,56
20	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	11.237,14	10.918,56
21	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	2.125,95	2.065,67
22	CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO	151,85	147,55
23	COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO	1.518,53	1.475,48
24	COCINA ECONÓMICA DE A CORUÑA	7.896,37	7.672,51
25	CONVENTO SAN FRANCISCO EN PONTEVEDRA FRANCISCANOS FRAILES	1.214,83	1.180,39
26	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS	6.074,13	5.901,93
27	MISIÓN DEL SILENCIO	546,67	531,17
28	REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO-SOCIAL PADRE RUBINOS	1.822,24	1.770,58
29	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE PAÚL	485,93	472,15
Subvencións a outras Entidades		**12.573,81**	**12.573,81**
30	MUSEO DO POBO GALEGO (Convenio 18/07/1995)	12.573,81	12.573,81
Bolsas de formación práctica		**87.019,35**	**87.019,35**
31	BLANCO ESTÉVEZ, PATRICIA	6.491,39	6.491,39
32	CASTRO LORENZO, LAURA	9.451,61	9.451,61
33	FONTICOBA FERNÁNDEZ, TANIA	9.451,61	9.451,61
34	GARCÍA ALONSO, ADRIÁN	9.451,61	9.451,61
35	GONZÁLEZ LÓPEZ, PAULA	9.451,61	9.451,61
36	LÓPEZ ROCA, JAVIER	9.451,61	9.451,61
37	PARDO ÁLVAREZ, HECTOR	9.451,61	9.451,61
38	PAZ GONZÁLEZ, SARA	9.451,61	9.451,61
39	AMBOAGE SANTOS, FÁTIMA	866,67	866,67
40	AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA	1.700,00	1.700,00
41	FIAÑO LLERAFO, DANIEL	1.966,67	1.966,67
42	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR	1.966,67	1.966,67
43	PÉREZ FERNÁNDEZ, ADRIÁN	1.966,67	1.966,67
44	PERNAS RUBAL, CRISTIAN	1.966,67	1.966,67
45	RAMOS CUBA, LAURA	1.966,67	1.966,67
46	RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO	1.966,67	1.966,67
	TOTAL	**261.846,39**	**260.578,86**

NOTA: Esta relación non inclúe as subvencións concedidas aos grupos parlamentarios que están publicadas no portal de transparencia do Parlamento de Galicia nun apartado específico.

Data da última actualización: 23/08/2021

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENCIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE ALIMENTOS PARA AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19

En Santiago de Compostela, o 27 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 (DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984) modificado o 6 de agosto de 2015 (DOG núm. 162, do 26 de agosto de 2015).

Doutra parte, don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para estes efectos

EXPOÑEN

I. O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a nivel de pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19). Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos, ademais de no eido sanitario, no ámbito económico e social. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

II. Aínda que os sistemas asistenciais autonómicos e locais e as medidas complementarias adoptadas polas distintas administracións tras a declaración da pandemia tentan dar resposta á maior parte das necesidades das persoas máis golpeadas polos seus efectos, todos os esforzos non abondan para satisfacer os picos de demanda de recursos de subsistencia, especialmente daquelas persoas ás que xa a pasada crise económica deixara en situación de vulnerabilidade e aqueloutras sometidas a factores de exclusión engadidos.

III. O 20 de outubro de 2020, con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia reiterou o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social. Os deputados e deputadas da Cámara son conscientes de que os impactos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19 están a intensificar a vulnerabilidade daquelas persoas que xa se atopaban nesta situación con anterioridade á pandemia, persoas e familias cos ingresos máis baixos, con traballos precarios e baixa intensidade laboral e con outros factores de risco, mais tamén que as circunstancias sobrevidas están a levar a unha situación de grave risco de pobreza a persoas que non o experimentaran ata o momento.

IV. Nestes meses, as entidades de iniciativa social están a constatar o agravamento da situación das persoas máis necesitadas. Desde o comezo da pandemia estas entidades e, nomeadamente, os comedores sociais, cociñas económicas e bancos de alimentos fixeron e continúan a desenvolver un sobreesforzo adaptando os protocolos dos servizos asistenciais que prestan co fin de evitar aglomeracións que poidan supor un risco sanitario. Isto supón moitas máis horas de traballo para as entidades que a maiores se multiplican para dar resposta á acrecentada demanda que en moitas cidades e vilas se duplicou na primeira onda da pandemia e que desde setembro mostra unha tendencia crecente da que non prevén melloría a curto prazo.

As entidades de iniciativa social que prestan o servizo de cobertura alimentaria abastécense periodicamente das achegas recibidas de organismos públicos, de empresas e tamén de particulares, que en maior grao participan a través de campañas de gran recollida no verán e en decembro. Moitos bancos de alimentos acusan a perda que para as reservas das entidades provocou a suspensión pola covid-19 da campaña do verán.

V.As medidas adoptadas a raíz da declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aprobada o pasado 13 de marzo na reunión do Consello da Xunta de Galicia, a posterior declaración do Goberno central de estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo covid-19 do 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, a Orde da Consellería do Medio Rural do 23 de marzo de 2020, tiveron consecuencias inmediatas de paralización xeneralizada das actividades económicas non esenciais, coa consecuente súbita interrupción das vías habituais de chegada ás persoas consumidoras de produtos agrogandeiros, produto fresco e da horta, que, polo tanto, implicou tamén a inmediata perda de ingresos de persoas agricultoras e gandeiras, recursos económicos imprescindibles para o sostemento de familias e explotacións no sector primario, sector que en Galicia ten unha relevancia e peso fundamental, ademais de ser o motor principal de dinamización do sector rural.

VI. Ante esta situación, por Orde do 13 de abril de 2020 a Consellería do Medio Rural puxo en funcionamento unha canle para a comercialización de produtos agrogandeiros de proximidade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia co nome de *Mercaproximidade* para a venda desas producións de calidade e facilmente identificables, para que as persoas consumidoras que naquel momento non podían acudir para o seu abastecemento ordinario aos mercados locais tradicionais nin consumilos directamente en establecementos de hostalaría e restauración, puidesen atopalos e identificalos con claridade nos establecementos de venda de alimentos que permanecían abertos.

VII. Ao abeiro do disposto no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril e de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural veu adquirindo directamente producións de agricultores/as e gandeiros/as ou industrias de transformación de produtos agrogandeiros integrados na rede Mercaproximidade e cedeunos a comedores sociais, bancos de alimentos e centros sanitarios.

VIII. A finais de outubro, ante a tendencia ascendente da transmisión do virus e o rexistro de niveis moi preocupantes dos principais indicadores epidemiolóxicos e asistenciais, o Goberno da Nación declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e estableceu medidas restritivas aplicables sobre a libre circulación, mobilidade xeográfica e reunión das persoas

(BOE número 282: Real decreto 926/2020, do 25 de outubro). Ante a grave e excepcional situación sanitaria, é incuestionable que os efectos socioeconómicos provocados pola pandemia se prolongarán no tempo, agravando a situación das persoas en risco de exclusión e aumentando o número de familias máis desfavorecidas.

IX. O Parlamento non quere permanecer alleo ao traballo de apoio e compromiso coas entidades sociais que desde todas as administracións e nomeadamente desde a Xunta de Galicia se están a desenvolver. A cooperación que se procura neste acordo entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Medio Rural redundará no beneficio dos colectivos máis vulnerables, ao tempo que contribuirá á viabilidade dos sectores agrícola e gandeiro de Galicia.

En virtude do exposto, as partes intervenientes, desde o seu respectivo ámbito natural de competencias e segundo están representadas, establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e finalidade da colaboración

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería do Medio Rural é a organización dun sistema que permita a provisión e distribución a través de entidades de iniciativa social de alimentos destinados ás persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da covid-19.

Esta colaboración ten como finalidade continuar a cooperación coas entidades de iniciativa social que realizan actuacións dos servizos de cobertura de necesidades de alimento dotándoas de produtos agrogandeiros adquiridos directamente a agricultores, gandeiros e/ou industrias de transformación de Galicia.

Segunda. Suxeitos da provisión

As estipulacións deste convenio vinculan o Parlamento de Galicia e a Consellería do Medio Rural de cara á concesión de subvencións en especie a entidades de carácter social non lucrativas, concretamente comedores sociais e bancos de alimentos.

As ditas subvencións rexeranse polo estipulado na disposición adicional 3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei.

Para tales efectos, as entidades sociais beneficiarias terán que cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Así mesmo, acreditarán aqueles datos que puidesen non estar actualizados no mencionado rexistro (estatutos, CIF, apoderamento do representante e NIF) ou que sexan precisos para a súa participación.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non encontrarse en ningunha das situacións de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estar incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

Terceira. Compromisos das partes

A Consellería do Medio Rural asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Difundir entre as entidades de iniciativa social prestadoras do servizo de cobertura alimentaria, de conformidade co establecido no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril, a información relativa ás axudas que constitúen a finalidade deste convenio, solicitando a súa participación.

2. Recadar de cada unha das entidades beneficiarias as necesidades de produtos agrogandeiros que, conforme as súas estimacións, precisan para desenvolver o seu labor asistencial.

3. Requirir de entre os operadores integrados en Mercaproximidade, que cumpran os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, orzamentos para os distintos produtos demandados polas entidades beneficiarias. Os orzamentos deberán incluír a entrega do produto na sede ou almacén que designe cada entidade beneficiaria e que constará no orzamento. A selección dos operadores farase en atención a criterios de proximidade xeográfica ás entidades beneficiarias. O importe de compra para cada provedor deberá ser inferior a quince mil euros (15.000,00€), IVE excluído.

4. Coordinar a demanda das entidades sociais e a oferta dos provedores, tras do cal remitirá ao Parlamento de Galicia, antes do 30 de novembro, o informe-proposta da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias co seguinte detalle:
   a. Entidade social beneficiaria (nome e CIF)
   b. Produto e contía que se subministrará.
   c. Provedor (nome social e CIF/NIF)
   d. Importe total, incluídos os gastos de transporte e entrega.
5. Unha vez recibida a resolución da aprobación das propostas de concesión por parte do Parlamento, dar a orde de subministración a cada provedor.

Pola súa parte, o Parlamento de Galicia asume o compromiso de:

1. Recadar das entidades beneficiarias a documentación segundo a cal acrediten cumprir os requisitos detallados na cláusula segunda.
2. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta e xestionalo economicamente co cofinanciamento da Consellería do Medio Rural.
3. A Presidencia do Parlamento resolverá sobre as propostas de concesión de subministracións facilitadas pola Consellería do Medio Rural, sempre que o proveedor proposto cumpra os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

4. Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos seus medios de difusión (paxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), a obriga legal de destinar as subministracións concedidas á finalidade deste convenio, así como outras obrigas legais que procedan.
5. Recadar das entidades beneficiarias o certificado de recepción das subministracións concedidas.
6. O pagamento aos provedores polas subministracións entregadas. Este efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida ao Parlamento de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.
7. Dará conta á Consellería de Medio Rural da execución do programa en canto remate o pagamento comprometido.

Cuarta. Réxime económico

O compromiso económico do Parlamento de Galicia derivado do presente convenio é de sesenta e cinco mil euros (65.000,00€), con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02, denominada 'Subvencións a entidades de carácter social', do estado de gastos do exercicio 2020.

As obrigas de organización e didáctica asumidas polo Parlamento de Galicia neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

O compromiso económico da Consellería do Medio Rural é de sesenta e cinco mil euros (65.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713D.221.99 (código de proxecto 2015 00612).

Para estes efectos, o presente acordo será remitido á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación de crédito na aplicación orzamentaria do Parlamento de Galicia que figura nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, coa baixa correspondente na aplicación da Consellería do Medio Rural.

Esta dotación será librada en firme ao Parlamento conforme o disposto no apartado dous da disposición adicional sétima da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.

Quinta. Comisión paritaria de seguimento

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actuacións previstas constituirase, reunindose sempre que sexa necesario, unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia e unha persoa en representación da Xunta de Galicia nomeada pola Consellería do Medio Rural. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, para os efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este convenio de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio.

As partes poderán modificar os termos deste convenio de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.

b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.

c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do convenio.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do convenio ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias a que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

Sétima. Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste convenio supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Oitava. Natureza xurídica

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo. Porén, será aplicable no relativo á aptitude para contratar co sector público do proveedor seleccionado.

Novena. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Décima. Transparencia e bo goberno

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade, as partes implicadas subscriben este convenio de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente do Parlamento de Galicia

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

PARLAMENTO
DE GALICIA

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Os días 17 e 18 de decembro de 2020, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería do Medio Rural para a Organización da provisión e repartición de alimentos para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19, e en base ao Informe emitido polo Director Xeral de Gandaría, agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, recibíronse solicitudes de axudas económicas por parte das seguintes entidades:

REPSS	CIF	ENTIDADE	SOLICITUDE	IMPORTE
E0101 / E0101C001	G15041593	CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	17/12/2020 (Rex. 6614)	2.384,82 €
E0696/ E0696C002	G36626174	FUNDACION CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSE	17/12/2020 (Rex. 6583)	6.072,18 €
E0301 / E0301C003	R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO	17/12/2020 (Rex. 6586)	1.865,08 €
E0075	G36660348	ASOCIACION FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO	17/12/2020 (Rex. 6607)	5.649,48 €
E0137 / E0137C017	R1500053B	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	17/12/2020 (Rex. 6581)	1.534,38 €
E0252 / E0252C004	G32122376	ASOCIACION CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	17/12/2020 (Rex. 6546)	3.266,64 €
E0410 / E0410C001	G36204931	ASOCIACION DE CARIDADE SANTIAGO APOSTOL	18/12/2020 (Rex. 6651)	3.334,95 €
E0157 / E0157C001	G36039980	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL	17/12/2020 (Rex. 6584)	2.985,67 €
5576	G70260906	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	17/12/2020 (Rex. 6564)	14.007,05 €
5791	G27210053	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO	18/12/2020 (Rex. 6664)	29.600,63 €
2187	G32223182	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS OURENSE	18/12/2020 (Rex. 6651)	18.530,63 €
1634	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA)	18/12/2020 (Rex. 6585)	11.451,92 €
5889	G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA	18/12/2020 (Rex. 6649)	3.166,40 €
6377	G70450820	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	18/12/2020 (Rex. 6629)	13.697,79 €

As entidades completan a documentación con:

- Declaración de que a entidade ten carácter social e carece de ánimo de lucro.
- Declaración de que a entidade realiza actuacións de servizos de cobertura de necesidades de alimento en conformidade ás atribucións recollidas nos seus Estatutos.
- Declaración de que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e autorización ao Parlamento para verificalo.
- Compromiso de asinar o certificado de recepción das subministracións que se perciban ao amparo deste convenio.
- Compromiso de destinar as subministracións que lle sexan concedidas á cobertura de necesidades de alimentos de persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19.
- Compromiso de dar publicidade nos medios propios de difusión (páxina web, redes sociais, taboleiros, etc.) das subministracións que lle sexan concedidas.
- CIF da entidade.
- NIF do representante.
- Estatutos ou normas de constitución (no caso de non figurar debidamente no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais).
- Acordo do nomeamento ou poder de representación (no caso de non figurar debidamente no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais).

Consta o certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 "Subvencións a entidades de carácter social" emitido en relación ao Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería do Medio Rural para a Organización da provisión e repartición de alimentos para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19.

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 18/12/2020, na que se verifica a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitiuse o informe dos servizos xurídicos o día 18 de decembro de 2020.

Emitiuse o informe de fiscalización pola Intervención o día 19 de decembro de 2020.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 100% dos gastos, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte de seguido:

"PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao teor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o

desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Polo exposto, existen razóns de interese social, e incluso humanitario, na concesión destas subvencións a estas entidades que prestan servizos de recollida e reparto de alimentos, que redundará no beneficio dos colectivos máis vulnerables .Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, sendo a primeira vez que se subvenciona polo Parlamento, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: As subvencións solicitadas teñen por obxecto a subministración a estas entidades de produtos agro-gandeiros adquiridos directamente a agricultores, gandeiros e/ou industrias de transformación de Galicia.

CUARTO: Ao abeiro do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de novembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 100 % dos gastos indicados nas propostas presentadas.

De resultar, finalmente, inferior os gastos facturados polos provedores e/ ou acreditados como recepcionados pola entidade, a subvención enténdese reducida no mesmo importe.

QUINTO: A subvención é incompatible con outras subvencións ou axudas para a mesma actuación, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SEXTO: A subvención é en especie pois en base a proposta da Consellería de Medio Rural, concederáselles ás entidades subvención por un importe total, que se xustificará cargo á facturación dos provedores que se abonará directamente polo Parlamento de Galicia, resultando estes endosatarios. Os produtos serán entregados polos provedores ás entidades que acreditarán a recepción.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

PARLAMENTO
DE GALICIA

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.

DÉCIMO: Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos seus medios de difusión (paxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), a obriga legal de destinar as subministracións concedidas á finalidade deste convenio, así como outras obrigas legais que procedan."

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2020. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Notificarlle aos interesados para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente e trasladarllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2020

O Presidente

PARLAMENTO
DE GALICIA

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvencións concedidas ao abeiro do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE ALIMENTOS PARA AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19

O 19/12/2020 ditouse Resolución pola Presidencia do Parlamento concedendo subvención as seguintes 14 entidades de carácter social e polo importe que se indica (complétase a relación cos centros onde tivo lugar a provisión e repartición e que se recollía no informe-proposta da Consellería de Medio Rural):

CIF	ENTIDADE	NOME DO CENTRO	IMPORTE
G15041593	CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	ALBERGUE JUAN XXIII	2.384,82 €
G36626174	FUNDACION CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSE	COMEDOR DE LA ESPERANZA	6.072,18 €
R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO	COMEDOR SOCIAL VIRGEN DE LOURDES	1.865,08 €
G36660348	ASOCIACION FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO	AFAN	5.649,48 €
R1500053B	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	COMEDOR SOCIAL CÁRITAS AROUSA	1.534,38 €
G32122376	ASOCIACION CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	COMEDOR SOCIAL O VISO II	3.266,64 €
G36204931	ASOCIACION CARIDADE SANTIAGO APOSTOL	COMEDOR SOCIAL SANTIAGO APOSTOL	3.334,95 €
G36039980	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL	COMEDOR BENÉFICO SAN VICENTE DE PAUL	2.985,67 €
G70260906	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	14.007,05 €
G27210053	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO	BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO	29.600,63 €
G32223182	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS OURENSE	BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE	18.530,63 €
G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA)	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE PONTEVEDRA	11.451,92 €
G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA	BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS	3.166,40 €
G70450820	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO	13.697,79 €
		TOTAL	117.547,62 €

PARLAMENTO DE GALICIA

Esta resolución notificouse ás entidades para o seu coñecemento e cumprimentación dos compromisos adquiridos de remitir certificación/declaración respecto dos requisitos, recepción das subministracións e publicidade, entre outros aspectos.

Dende finais de decembro de 2020 ata xaneiro 2021 presentáronse, no rexistro de facturación electrónica do Parlamento de Galicia, as facturas relativas ás subministracións nas que consistiron as achegas en especie, emitidas polos provedores relacionados no informe-proposta da Consellería de Medio Rural, tal e como se estipulou na cláusula terceira apartado 6 do convenio de colaboración.

Asemade, ao longo do mes de xaneiro de 2021 cada unha das entidades beneficiarias presentou no Rexistro do Parlamento o certificado emitido polo seu representante legal en relación á recepción das subministracións procedentes dos provedores contactados pola Consellería de Medio Rural, e onde tamén declaran estar ao corrente de obrigas tributarias e da Seguridade Social, reunir os requisitos para ser receptores da subvención, terlle dado publicidade, etc.

O custe total acreditado ascende a 117.547,52€.

A dita conta xustificativa fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 04/02/2021.

Cómpre indicar, non obstante que, a pesares de terse tramitado dende o inicio todo o expediente como subvencional sendo os terceiros beneficiarios das subvencións en especie as entidades de carácter social, a exixencia estipulada no convenio de que os provedores debían presentar factura directamente no rexistro de facturación do Parlamento imposibilita efectuar o endoso pretendido, e rectificar a tramitación demoraría o pagamento. Motivo polo que se barrará a fase AD a favor de cada entidade co gallo de poder emitir o documento ADOP a favor de cada provedor. Ilo sen prexuízo de que sendo os bens adquiridos dende o primeiro momento para ser entregados como subvención en especie, se comunique á Facenda Estatal o recibido por cada entidade.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos co seguinte detalle

CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	G15041593	ALBERGUE JUAN XXII			
OPERADOR	**PRODUTO**	**CUANTÍA**	**UD.**	**CONCEDIDO**	**XUSTIFICADO**
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	350	KG	91,00 €	91,00 €
AGRIGGA	TENREIRA	76,56	KG	656,89 €	656,89 €
HERMELINO	PORCO CELTA	80,56	KG	502,36 €	502,36 €
VÉLARO	CORDEIRO	73,7	KG	926,41 €	926,41 €
QUEIXERÍA BARRAL	QUEIXOS	40,435	KG	208,16 €	208,16 €

PARLAMENTO DE GALICIA

IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA: CONCEDIDO	**2.384,82 €**	**2.384,82 €**

FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ G36626174 COMEDOR DE LA ESPERANZA

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
José Antonio Feijoo Ledo	PATACAS	3.000,00	KG	780,00 €	780,00 €
CÁRNICAS REQUENO	TENREIRA	326	KG	2.087,05 €	2.087,05 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	154	KG	985,26 €	985,26 €
VÉLARO	CORDEIRO	126	KG	1.702,26 €	1.702,26 €
QUEIXERÍA SARRIANA	QUEIXOS	99,74	KG	517,61 €	517,61 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**6.072,18 €**	**6.072,18 €**

MISIÓN DEL SILENCIO R3600388G COMEDOR SOCIAL VIRGEN DE LOURDES

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
PATATAS GÁNDARA	PATACAS	300	KG	78,00 €	78,00 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	212	KG	1.356,33 €	1.356,33 €
QUEIXOS FARELO	QUEIXOS	76,7	KG	430,75 €	430,75 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**1.865,08 €**	**1.865,08 €**

ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO G36660348 AFAN

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
PATATAS GÁNDARA	PATACAS	2.600,00	KG	676,00 €	676,00 €
CÁRNICAS REQUENO	TENREIRA	303	KG	1.939,81 €	1.939,81 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	283	KG	1.874,57 €	1.874,57 €
QUEIXERÍA SARRIANA	QUEIXOS	223,35	KG	1.159,10 €	1.159,10 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**5.649,48 €**	**5.649,48 €**

CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO R1500053B COMEDOR SOCIAL CÁRITAS AROUSA

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	500	KG	130,00 €	130,00 €
AGRIGGA	TENREIRA	120,06	KG	1.030,12 €	1.030,12 €
HERMELINO	PORCO CELTA	41,45	KG	258,48 €	258,48 €
QUEIXERÍA BARRAL	QUEIXOS	22,49	KG	115,78 €	115,78 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**1.534,38 €**	**1.534,38 €**

PARLAMENTO DE GALICIA

ASOCIACIÓN CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO G32122376 COMEDOR SOCIAL O VISO

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
José Antonio Feijoo Ledo	PATACAS	500	KG	130,00 €	130,00 €
CÁRNICAS REQUENO	TENREIRA	243	KG	1.555,69 €	1.555,69 €
CELTICO	PORCO CELTA	164,9	KG	1.026,66 €	1.026,66 €
QUEIXERÍA BARRAL	QUEIXOS	107,67	KG	554,29 €	554,29 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**3.266,64 €**	**3.266,64 €**

ASOCIACIÓN CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL G36204931 COMEDOR SOCIAL SANTIAGO APÓSTOL

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
PATATAS GÁNDARA	PATACAS	500	KG	130,00 €	130,00 €
AGRIGGA	TENREIRA	227,1	KG	1.948,52 €	1.948,52 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	123	KG	786,93 €	786,93 €
QUEIXOS FARELO	QUEIXOS	83,6	KG	469,50 €	469,50 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**3.334,95 €**	**3.334,95 €**

VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL G36039980 COMEDOR BENÉFICO SAN VICENTE DE PAÚL

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
AGRIGGA	TENREIRA	168,21	KG	1.443,24 €	1.443,24 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	167	KG	1.068,44 €	1.068,44 €
QUEIXOS FARELO	QUEIXOS	84,4	KG	473,99 €	473,98€
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**2.985,67 €**	**2.985,66 €**

ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS G70260906 ALMACÉN A CORUÑA E ALMACÉN SANTIAGO

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	700	KG	182,00 €	182,00 €
AGRIGGA	TENREIRA	713,12	KG	6.118,57 €	6.118,57 €
HERMELINO	PORCO CELTA	894,26	KG	5.576,52 €	5.576,52 €
VÉLARO	CORDEIRO	94,8	KG	968,00 €	968,00 €
SAT QUEINAGA	QUEIXOS	200	Peza	997,30 €	997,30 €
QUEIXERÍA BARRAL	QUEIXOS	31,985	KG	164,66 €	164,66 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**14.007,05 €**	**14.007,05**

ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO G27210053

PARLAMENTO DE GALICIA

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	15.000,00	KG	3.900,00 €	3.900,00 €
PATATAS GÁNDARA	PATACAS	50.000,00	KG	13.000,00 €	13.000,00 €
CÁRNICA J TABOADA	TENREIRA	1.241,23	KG	10.649,75 €	10.649,75 €
QUEIXERÍA SARRIANA	QUEIXOS	395,19	KG	2.050,88 €	2.050,88 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**29.600,63 €**	**29.600,63 €**

ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS OURENSE G32223182

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	20.000,00	KG	5.200,00 €	5.200,00 €
CÁRNICAS REQUENO	TENREIRA	666	KG	4.263,73 €	4.263,73 €
CELTICO	PORCO CELTA	403,3	KG	2.510,95 €	2.510,95 €
VÉLARO	CORDEIRO	244	KG	2.986,56 €	2.986,49 €
QUEIXERÍA BARRAL	QUEIXO	450,93	KG	2.321,39 €	2.321,38 €
GRANXA BALDOMERO	OVOS	1.000,00	Ducia	1.248,00 €	1.248,00 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**18.530,63 €**	**18.530,55**

FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA) G36899375

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
ALMACENES FÉNIX	PATACAS	10.000,00	KG	2.600,00 €	2.600,00 €
CÁRNICAS REQUENO	TENREIRA	489,00	KG	3.130,58 €	3.130,58 €
CÁRNICAS TEIJEIRO	PORCO CELTA	322,5	KG	2.063,29 €	2.063,29 €
VÉLARO	CORDEIRO	168	KG	2.237,76 €	2.237,76 €
QUEIXOS FARELO	QUEIXOS	252,9	KG	1.420,29 €	1.420,29 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**11.451,92 €**	**11.451,92 €**

ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA G94074051

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO
PATATAS GÁNDARA	PATACAS	200	KG	52,00 €	52,00 €
VÉLARO	CORDEIRO	161	KG	2.144,52 €	2.144,51 €
QUEIXOS FARELO	QUEIXOS	172,7	KG	969,88 €	969,88 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**3.166,40 €**	**3.166,39**

ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA G70450820

OPERADOR	PRODUTO	CUANTÍA	UD.	CONCEDIDO	XUSTIFICADO

PARLAMENTO
DE GALICIA

José Antonio Feijoo Ledo	PATACAS	7000	KG	1.820,00 €	1.820,00 €
CÁRNICA J TABOADA	TENREIRA	477,44	KG	4.096,43 €	4.096,43 €
HERMELINO	PORCO CELTA	271,27	KG	1.691,61 €	1.691,61 €
VÉLARO	CORDEIRO	241,9	KG	3.086,64 €	3.086,64 €
SAT QUEINAGA	QUEIXOS	746,90	Peza	3.003,11 €	3.003,11 €
IMPORTE TOTAL INCLUÍDOS OS GASTOS DE TRANSPORTE E ENTREGA				**13.697,79 €**	**13.697,79 €**

O custe total acreditado ascende a 117.547,52€.

O cofinanciamento deste convenio se repartía a partes iguais entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, é dicir, aplicando o 50% sobre o custo final total.

2. Autorizar, dispor, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento das cuantías indicadas aos provedores relacionados contra as facturas presentadas.
3. Comunicar ás entidades sociais beneficiarias o importe final total que acada a subvención en especie recibida no exercicio 2020 ao abeiro deste convenio.

O Presidente

PARLAMENTO
DE GALICIA
Miguel Ángel Santalices Vieira - Presidente

2021.02.05 13:06:04 +01'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE MENÚS DE NADAL PARA AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19

En Santiago de Compostela, o 16 de decembro de 2020

REUNIDOS

Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983, modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENCIA

Todas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para estes efectos

EXPOÑEN

I. O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a nivel de pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19). Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos, ademais de no eido sanitario, no ámbito económico e social. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

II. Aínda que os sistemas asistenciais autonómicos e locais e as medidas complementarias adoptadas polas distintas administracións tras a declaración da pandemia tentan dar resposta á maior parte das necesidades das persoas máis golpeadas polos seus efectos, todos os esforzos non abondan para satisfacer os picos de demanda de recursos de subsistencia, especialmente daquelas persoas ás que xa a pasada crise económica deixara en situación de vulnerabilidade e aqueloutras sometidas a factores de exclusión engadidos.

III. O 20 de outubro de 2020, con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia reiterou o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social. Os deputados e deputadas da Cámara son conscientes de que os impactos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19 están a intensificar a vulnerabilidade daquelas persoas que xa se atopaban nesta situación con anterioridade á pandemia, persoas e familias cos ingresos máis baixos, con traballos precarios e baixa intensidade laboral e con outros factores de risco, mais tamén que as circunstancias sobrevidas están a levar a unha situación de grave risco de pobreza a persoas que non o experimentaran ata o momento.

IV. A raíz do agravamento da crise social derivada da pandemia, as entidades de iniciativa social e particularmente aquelas que prestan o servizo de cobertura alimentos xa preparados, como as cociñas económicas ou os comedores sociais, están levando a cabo un enorme labor para dar resposta ás peticións de cada vez máis persoas que se achegan en busca de axuda. Ao mesmo tempo, as entidades e os seus usuarios vense obrigados a adoptar protocolos de seguridade sanitaria, que, no referente ao nivel de ocupación dos locais habilitados para

comer e en función da situación epidemiolóxica, van desde a redución de comensais ata o propio peche. Ante estas circunstancias a prestación da asistencia alimentaria supón un sobreesforzo económico e humano dificilmente sostible para as entidades, máis tendo en conta que a situación económica pre-covid está lonxe de se recuperar.

V. As medidas adoptadas a raíz da declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aprobada o pasado 13 de marzo na reunión do Consello da Xunta de Galicia, a posterior declaración do Goberno central de estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 do 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, a Orde da Consellería do Medio Rural do 23 de marzo de 2020, tiveron consecuencias inmediatas de paralización xeneralizada das actividades económicas non esenciais, coa consecuente súbita interrupción das vías habituais de chegada ás persoas consumidoras de produtos agrogandeiros, produto fresco e da horta, que, polo tanto, implicou tamén a inmediata perda de ingresos de persoas agricultoras e gandeiras, recursos económicos imprescindibles para o sostemento de familias e explotacións no sector primario, sector que en Galicia ten unha relevancia e peso fundamental, ademais de ser o motor principal de dinamización do sector rural.

VI. Ante esta situación, por Orde do 13 de abril de 2020 a Consellería do Medio Rural puxo en funcionamento unha canle para a comercialización de produtos agrogandeiros de proximidade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co nome de Mercaproximidade, para a venda desas producións de calidade e facilmente identificables, para que as persoas consumidoras que naquel momento non podían acudir para o seu abastecemento ordinario aos mercados locais tradicionais nin consumilos directamente en establecementos de hostalaría e restauración, puidesen atopalos e identificalos con claridade nos establecementos de venda de alimentos que permanecían abertos.

VII. Ao abeiro do disposto no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril e de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural veu adquirindo directamente producións de agricultores/as e gandeiros/as ou industrias de transformación de produtos agrogandeiros integrados na rede Mercaproximidade e cedeunos a comedores sociais, bancos de alimentos e centros sanitarios.

VIII. A finais de outubro, ante a tendencia ascendente da transmisión do virus e o rexistro de niveis moi preocupantes dos principais indicadores epidemiolóxicos e asistenciais, o Goberno da Nación

declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e estableceu medidas restritivas aplicables sobre a libre circulación, mobilidade xeográfica e reunión das persoas (BOE número 282: Real decreto 926/2020, do 25 de outubro). Ante a grave e excepcional situación sanitaria, é incuestionable que os efectos socioeconómicos provocados pola pandemia se prolongarán no tempo, agravando a situación das persoas en risco de exclusión e aumentando o número de familias máis desfavorecidas.

IX. As entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade poñen agora o acento na celebración do Nadal, e na necesidade de realizar actuacións concretas que permitan que as familias e as persoas en situación de vulnerabilidade poidan tamén celebrar a Noiteboa e o Nadal.

X. O Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, conscientes do traballo que están a realizar as entidades sociais e nomeadamente o labor que van desenvolver co propósito do Nadal, propoñen a posta en marcha dunha actuación conxunta entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a través da Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Rural, xunto coa colaboración da ONG World Central Kitchen, que permita realizar a entrega a través de comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas ás persoas en situación de vulnerabilidade de menús de Nadal preparados con produtos agrogandeiros galegos de primeira calidade. Esta actuación contribuirá a permitir que as familias en situación de exclusión social poidan celebrar estas datas sinaladas ao tempo que coa adquisición de produtos agrogandeiros se afianza a viabilidade dos sectores agrícola e gandeiro en Galicia.

En virtude do exposto, as partes intervenientes, desde o seu respectivo ámbito natural de competencias e segundo están representadas, establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto e finalidade da colaboración*

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Consellería de

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

Medio Rural é a organización dun sistema que permita a provisión e distribución, a través de entidades de iniciativa social, de menús de Nadal destinados ás persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da covid-19.

Esta colaboración ten como finalidade continuar a cooperación coas entidades de iniciativa social que realizan actuacións dos servizos de cobertura de necesidades de alimento, achegándolles menús elaborados con produtos agrogandeiros adquiridos directamente a agricultores, gandeiros e/ou industrias de transformación de Galicia xa elaborados a modo de menú e para a súa subministración en tempo de que sexan consumidos para a celebración da Noiteboa. A coordinación do proceso de elaboración dos menús e a súa distribución nos comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas beneficiarias, levarase a cabo pola ONG World Central Kitchen coa colaboración de cociñeiros e cociñeiras galegos de prestixio.

Segunda. *Suxeitos da provisión*

As estipulacións deste convenio vinculan o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Consellería de Medio Rural, de cara á concesión de subvencións en especie a entidades de iniciativa social non lucrativas, como comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas.

As ditas subvencións rexeranse polo estipulado na disposición adicional 3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei.

Para tales efectos, as entidades sociais beneficiarias terán que cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Así mesmo, acreditarán aqueles datos que puidesen non estar actualizados no mencionado rexistro (estatutos, CIF, apoderamento do representante e NIF) ou que sexan precisos para a súa participación.

b) Carecer de ánimo de lucro.

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non encontrarse en ningunha das situacións de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estar incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

Terceira. *Compromisos das partes*

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de:

1. Recadar das entidades beneficiarias a documentación segundo a cal acrediten cumprir os requisitos detallados na cláusula segunda.
2. A Presidencia do Parlamento resolverá sobre as propostas de concesión de subministracións facilitadas pola Consellería do Medio Rural, sempre que o provedor proposto cumpra os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
3. Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos seus medios de difusión (paxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), a obriga legal de destinar as subministracións concedidas á finalidade deste convenio, así como outras obrigas legais que procedan.
4. Xestionar economicamente este convenio e confinancialo xunto coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e coa Consellería do Medio Rural, nos termos da cláusula cuarta.
5. Recadar das entidades beneficiarias o certificado de recepción dos menús subministrados.
6. Aboar as facturas aos provedores polas subministracións acreditadas. Esta efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida ao Parlamento de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.
7. Dar conta á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e á Consellería do Medio Rural da execución do programa en canto remate o pago comprometido. e publicitar o cofinanciamento.

8. Contactar cos destinatarios do programa para darlles conta da execución do programa e o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social.

As demais obrigas e compromisos asumidos polo Parlamento de Galicia neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Procurar, en coordinación coa ONG World Central Kitchen, os medios materiais e o equipo de traballo necesarios para a preparación, no Centro Superior de Hostelería de Galicia, dos menús de Nadal elaborados.
2. Supervisar, en coordinación coa Consellería do Medio Rural, a entrega en prazo no Centro Superior de Hostelería de Galicia dos produtos agrogandeiros necesarios para a elaboración dos menús.
3. Subscribir un seguro de responsabilidade civil de produto.
4. Coordinar coa ONG World Central Kitchen a intendencia necesaria para a repartición dos menús en condicións que garantan a seguridade alimentaria e de modo que permita a súa distribución en prazo aos consumidores finais dos menús.
5. Recadar das entidades beneficiarias o comprobante de recepción dos menús subministrados.
6. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
7. Publicitar o cofinanciamento.
8. Tomar coñecemento da dación de conta da execución do programa por parte do Parlamento de Galicia.

As demais obrigas e compromisos asumidos pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

A Consellería do Medio Rural asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Difundir entre as entidades de iniciativa social prestadoras do servizo de cobertura alimentaria, de conformidade co establecido no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril, a información relativa ás axudas que constitúen a finalidade deste convenio, solicitando a súa participación.

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

2. Recadar de cada unha das entidades beneficiarias o número de menús que, conforme as súas estimacións, precisan para desenvolver esta acción asistencial.
3. Coordinar coa ONG World Central Kitchen os produtos precisos e as súas contías para a preparación dos menús.
4. Requirir de entre os operadores integrados en Mercaproximidade, que cumpran os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os orzamentos para os distintos produtos necesarios para a elaboración dos menús demandados polas entidades beneficiarias. O importe de compra para cada provedor deberá ser inferior a quince mil euros (15.000,00€), IVE excluído.
5. Coordinar coa ONG World Central Kitchen a demanda das entidades sociais e a oferta dos provedores, tras do cal remitirá ao Parlamento de Galicia, antes do 21 de decembro, o informe-proposta da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias co seguinte detalle:
   a. Entidade social beneficiaria (nome e CIF)
   b. Produto e contía que se subministrará.
   c. Provedor (nome social e CIF/NIF)
   d. Importe total, incluídos os gastos de transporte e entrega no Centro Superior de Hostelería de Galicia.
6. Unha vez recibida a resolución da aprobación das propostas de concesión por parte do Parlamento, dar a orde de subministración a cada provedor.
7. Coordinar coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a ONG World Central Kitchen a entrega por parte dos provedores.
8. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
9. Publicitar o cofinanciamento.
10. Tomar coñecemento da dación de conta da execución do programa por parte do Parlamento de Galicia.

As demais obrigas e compromisos asumidos pola Consellería de Medio Rural neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

Cuarta. *Réxime económico*

O compromiso económico do Parlamento de Galicia derivado do presente convenio é de vinte e cinco mil euros (25.000,00€), con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02, denominada 'Subvencións a entidades de carácter social', do estado de gastos do exercicio 2020.

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

O compromiso económico da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é de quince mil euros (15.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.221.99 (código de proxecto 2015 00013).

Esta achega da Axencia Turismo de Galicia realizarase a través do pagamento das facturas emitidas polos provedores en relación a subministracións acreditadas polo citado importe máximo de 15.000 €.

Esta efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida á Axencia Turismo de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.

O compromiso económico da Consellería do Medio Rural é de vinte e cinco mil euros (25.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713D.221.99 (código de proxecto 2015 00612).

Para estes efectos, o presente acordo será remitido á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación de crédito na aplicación orzamentaria do Parlamento de Galicia que figura nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, coa baixa correspondente na aplicación da Consellería do Medio Rural.

Esta dotación será librada en firme ao Parlamento conforme o disposto no apartado dous da disposición adicional sétima da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.

Quinta. *Comisión paritaria de seguimento*

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actuacións previstas constituirase, reunindose sempre que sexa necesario, unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia, unha persoa en representación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e unha persoa en representación da Consellería do Medio Rural. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, para os efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENCIA

Sexta. *Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución*

Este convenio de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio.

As partes poderán modificar os termos deste convenio de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.

b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.

c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do convenio ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias a que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

Sétima. *Difusión da colaboración das partes*

O asinamento deste convenio supón o consentimento expreso de todas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Oitava. *Natureza xurídica*

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo. Porén, será aplicable no relativo á aptitude para contratar co sector público do provedor solicitado.

Novena. *Protección de datos de carácter persoal*

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Décima. *Transparencia e bo goberno*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade, as partes implicadas subscriben este convenio de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENCIA

Alfonso Rueda Valenzuela,	Miguel Ángel Santalices Vieira,	José González Vázquez
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo e Presidente da Axencia de Turismo de Galicia	Presidente do Parlamento de Galicia	Conselleiro do Medio Rural

PARLAMENTO
DE GALICIA

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Entre o 17 e o 23 de decembro de 2020, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería do Medio Rural para a organización de provisión e repartición de menús de Nadal para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19, e en base ao Informe emitido o 21 de decembro de 2020 polo Director Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, recibíronse solicitudes de axudas económicas por parte das seguintes entidades:

REPSS	CIF	ENTIDADE	SOLICITUDE	Nº MENÚS	IMPORTE (IVE incluido)
E5576	G70260906	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS	18/12/2020 (Rex. 6658)	1.391	8.449,12
E5889	G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS PONTEVEDRA	22/12/2020 (Rex. 6749)	40	242,97
E0252 / E0252C004	G32122376	ASOCIACIÓN CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	18/12/2020 (Rex. 6650)	43	261,19
E0410 / E0410C001	G36204931	ASOCIACIÓN DE CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	18/12/2020 (Rex. 6662)	100	607,41
E1083	G15500853	ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA	23/12/2020 (Rex. 6785)	341	2071,28
E5716	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	18/12/2020 (Rex. 6647)	1.850	11.237,14
E0140 / E0140C007	R3200098F	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	18/12/2020 (Rex. 6656)	350	2.125,95
E0101 / E0101C001	G15041593	CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	18/12/2020 (Rex. 6660)	25	151,85
E0013 / E0013C001	G15028863	COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO	22/12/2020 (Rex. 6726)	250	1.518,53
E1056 / E1056C001	G15028483	COCIÑA ECONÓMICA DE A CORUÑA	17/12/2020 (Rex. 6569)	1.300	7.896,37
E1719 / E1719C001	R3600128G	CONVENT S FRANCISCO EN PONTEVEDRA FRANCISCANOS FRAILES MENORES PROV SANTIAGO	22/12/2020 (Rex. 6750)	200	1.214,83
E1634	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA)	18/12/2020 (Rex. 6657)	1.000	6.074,13
E0301 / E0301C003	R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO (MIXTA)	21/12/2020 (Rex. 6700)	90	546,67
E0034 / E0034C008	G15074743	REAL INSTITUCIÓN BENÉFICA SOCIAL PADRE RUBINOS	21/12/2020 (Rex. 6688)	300	1.822,24
E0157 / E0157C001	G36039980	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL	21/12/2020 (Rex. 6695)	80	485,93

PARLAMENTO
DE GALICIA

As entidades completan a documentación con:

- Declaración de que a entidade ten carácter social e carece de ánimo de lucro.
- Declaración de que a entidade realiza actuacións de servizos de cobertura de necesidades de alimento en conformidade ás atribucións recollidas nos seus Estatutos.
- Declaración de que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e autorización ao Parlamento para verificalo.
- Compromiso de asinar o certificado de recepción das subministracións que se perciban ao amparo deste convenio.
- Compromiso de destinar as subministracións que lle sexan concedidas á cobertura de necesidades de alimentos de persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19.
- Compromiso de dar publicidade nos medios propios de difusión (páxina web, redes sociais, taboleiros, etc.) das subministracións que lle sexan concedidas.
- CIF da entidade.
- NIF do representante.
- Estatutos ou normas de constitución (no caso de non figurar debidamente no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais).
- Acordo do nomeamento ou poder de representación (no caso de non figurar debidamente no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais).

Consta o certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 "Subvencións a entidades de carácter social" emitido en relación ao Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería do Medio Rural para a organización de provisión e repartición de menús de Nadal para as persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19.

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 23 de decembro de 2020, na que se verifica a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitiuse o informe dos servizos xurídicos o día 23 de decembro de 2020.

Emitiuse o informe de fiscalización pola Intervención o día 23 de decembro de 2020.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 100% dos gastos, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte de seguido:

"PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema

político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Polo exposto, existen razóns de interese social, e incluso humanitario, na concesión destas subvencións a estas entidades de iniciativa social non lucrativas, como comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas. Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese social que dificultan a convocatoria pública da subvención.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: As subvencións solicitadas teñen por obxecto a subministración a estas entidades de produtos agrogandeiros adquiridos directamente a agricultores, gandeiros e/ou industrias de transformación de Galicia, xa elaborados a modo de menú, e a súa subministración en tempo de que sexan consumidos para a celebración da Noiteboa.

CUARTO: Ao abeiro do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de novembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 100 % dos gastos indicados nas propostas presentadas.

De resultar, finalmente, inferiores os gastos facturados polos provedores e/ ou acreditados como recepcionados pola entidade, a subvención enténdese reducida no mesmo importe.

QUINTO: A subvención é incompatible con outras subvencións ou axudas para a mesma actuación, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SEXTO: A subvención é en especie pois en base a proposta da Consellería de Medio Rural, concederáselles ás entidades subvención por un importe total, que se xustificará con cargo á facturación dos provedores que se abonará directamente polo Parlamento de Galicia, resultando estes endosatarios. Este abono efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida ao Parlamento de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

PARLAMENTO
DE GALICIA

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.

DÉCIMO: Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos seus medios de difusión (paxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), a obriga legal de destinar as subministracións concedidas á finalidade deste convenio, así como outras obrigas legais que procedan."

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2020. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

As contías correspondentes aos produtos que se subministrarán polos distintos provedores, para a provisión e repartición dos menús de Nadal, ao abeiro do informe-proposta da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, corresponden coas seguintes:

PROVEDOR	CIF	PRODUTO	CONTÍA	UD.	IMPORTE (IVE incluído)
AGRIGGA CARNE	F70490370	Carne de estufado de tenreira galega	1.000	Kg.	8.580,00 €
INDUSTRIA CÁRNICA J TABOADA, S.A.	A15162795	Carne de estufado de tenreira galega	1.500	Kg.	12.870,00 €
KALEKOI, S.L.	B94115508	Iogur	1.128	Ud.	767,04 €
CLUN	F70509096	Iogur Clun	6.000	Ud.	1.364,00 €
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA*	V15211303	Mel	375	Ud.	3.375,00 €
PESCADOS GALMAR, S.L.	B36475416	Conxelados varios			3.344,64 €
JB CAO, S.L.	B15061468	Grelos	180	Ud.	571,18 €
JB CAO, S.L.	B15061468	Alimentos varios			3.790,75 €
RUTA JACOBEA	A15043680	Transporte cátering			9.111,30 €
TRANSPORTES OTERO GÓMEZ, S.A.	A36699320	Transporte das caixas			931,70 €

* Os provedores integrados en C.R.I.X.P MEL DE GALICIA son:

TITULAR	DNI/CIF
CAL LENCE, LUCÍA	32750795Z
CARREIRAS CUADRADO, JAVIER	34637726W

PARLAMENTO
DE GALICIA

DEL CAMPO VILLAR, ADRIÁN	44474452L
ERICA MEL	F15232937
GARCÍA PORTO MARÍA ISABEL	76719236E
PÉREZ ALONSO, JOHNNY	44488044H
SOTELO FERNÁNDEZ, XAVIER	53115340Z
SOUTO VIVO C.B. EVA SIEJO MURAS	36152423B

3.- Notificarlle esta resolucion aos interesados para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente e trasladarlla ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

O Presidente

PARLAMENTO
DE GALICIA

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvencións concedidas ao abeiro do

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE MENÚS DE NADAL PARA AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19.-

O 23/12/2020 ditouse Resolución pola Presidencia do Parlamento concedendo subvencións en especie ás seguintes 15 entidades de carácter social, consistente nos menús a entregar obxecto do convenio, e que se monetarizou repartindo o custe resultante dos produtos e servizos relacionados no informe-proposta da Consellería de Medio Rural e afrontados por ambos cofinanciadores proporcionalmente entre os menús solicitados. O detalle era o seguinte:

REPSS	CIF	ENTIDADE	SOLICITUDE	Nº MENÚS	IMPORTE (IVE incluído)
E5576	G70260906	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS	18/12/2020 (Rex. 6658)	1.391	8.449,12
E5889	G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS PONTEVEDRA	22/12/2020 (Rex. 6749)	40	242,97
E0252 / E0252C004	G32122376	ASOCIACIÓN CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	18/12/2020 (Rex. 6650)	43	261,19
E0410 / E0410C001	G36204931	ASOCIACIÓN DE CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	18/12/2020 (Rex. 6662)	100	607,41
E1083	G15500853	ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA	23/12/2020 (Rex. 6785)	341	2071,28
E5716	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	18/12/2020 (Rex. 6647)	1.850	11.237,14
E0140 / E0140C007	R3200098F	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	18/12/2020 (Rex. 6656)	350	2.125,95
E0101 / E0101C001	G15041593	CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	18/12/2020 (Rex. 6660)	25	151,85
E0013 / E0013C001	G15028863	COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO	22/12/2020 (Rex. 6726)	250	1.518,53
E1056 / E1056C001	G15028483	COCIÑA ECONÓMICA DE A CORUÑA	17/12/2020 (Rex. 6569)	1.300	7.896,37
E1719 / E1719C001	R3600128G	CONVENT S FRANCISCO EN PONTEVEDRA FRANCISCANOS FRAILES MENORES PROV SANTIAGO	22/12/2020 (Rex. 6750)	200	1.214,83

E1634	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA)	18/12/2020 (Rex. 6657)	1.000	6.074,13
E0301 / E0301C003	R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO (MIXTA)	21/12/2020 (Rex. 6700)	90	546,67
E0034 / E0034C008	G15074743	REAL INSTITUCIÓN BENÉFICA SOCIAL PADRE RUBINOS	21/12/2020 (Rex. 6688)	300	1.822,24
E0157 / E0157C001	G36039980	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL	21/12/2020 (Rex. 6695)	80	485,93
			TOTAL		**44.705,61**

Esta resolución notificouse ás entidades para o seu coñecemento e cumprimentación dos compromisos adquiridos de remitir certificación/declaración respecto dos requisitos, recepción das subministracións e publicidade, entre outros aspectos.

Dende finais de decembro de 2020 ata xaneiro 2021 presentáronse, no rexistro de facturación electrónica do Parlamento de Galicia, as facturas relativas ás subministracións e servizos que se transformarían nos menús elaborados polo Centro Superior de Hostalaría de Galicia. Estas facturas foron emitidas polos provedores relacionados no informe-proposta da Consellería de Medio Rural, tal e como se estipulou na cláusula terceira apartado 6 do convenio de colaboración.

Cara á xustificación consta o certificado expedido o 21/01/2021 pola Directora de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia acreditando a recepción no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, e conformidade, das subministracións procedentes dos provedores contactados pola Consellería de Medio Rural, así como os servizos prestados por dúas empresas para o transporte de caixas e o transporte dos menús elaborados dende o Centro Superior de Hostalaría ás entidades.

Asemade, ao longo do mes de xaneiro de 2021 cada unha das entidades beneficiarias presentou no Rexistro do Parlamento o certificado emitido polo seu representante legal en relación á recepción dos menús, e onde tamén declaran estar ao corrente de obrigas tributarias e da Seguridade Social, reunir os requisitos para ser receptores da subvención, terlle dado publicidade, etc.

O custe total acreditado cargo ao financiamento asumido pola Consellería de Medio Rural e o Parlamento de Galicia ascende finalmente a 43.416,19€.

A dita conta xustificativa fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento no día de hoxe.

Cómpre indicar, non obstante que, a pesares de terse tramitado dende o inicio todo o expediente como subvencional sendo os terceiros beneficiarios das subvencións en especie as entidades de carácter social, a exixencia estipulada no convenio de que as empresas debían presentar factura directamente no rexistro de facturación do Parlamento imposibilita efectuar o endoso pretendido, e rectificar a tramitación demoraría o pagamento. Motivo polo que se barrará a fase AD a favor de cada entidade co gallo de poder emitir o documento ADOP a favor de cada provedor. Ilo sen prexuízo de que sendo os bens adquiridos dende o primeiro momento para ser entregados, unha vez transformados en menús, como subvención en especie, se comunique á Facenda Estatal o recibido por cada entidade.

PARLAMENTO
DE GALICIA

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos das subvencións en especie entregadas ás entidades de carácter social co seguinte detalle:

CIF	ENTIDADE	Nº MENÚS	IMPORTE CONCEDIDO (IVE incluido)	IMPORTE XUSTIFICADO COFINANCIADO POLO PARLAMENTO E MEDIO RURAL
G70260906	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS	1.391	8.449,12	8.209,58
G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS PONTEVEDRA	40	242,97	236,08
G32122376	ASOCIACIÓN CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	43	261,19	253,78
G36204931	ASOCIACIÓN DE CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	100	607,41	590,19
G15500853	ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA	341	2071,28	2012,56
G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	1.850	11.237,14	10.918,56
R3200098F	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	350	2.125,95	2.065,67
G15041593	CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII	25	151,85	147,55
G15028863	COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO	250	1.518,53	1.475,48
G15028483	COCIÑA ECONÓMICA DE A CORUÑA	1.300	7.896,37	7.672,51
R3600128G	CONVENT S FRANCISCO EN PONTEVEDRA FRANCISCANOS FRAILES MENORES PROV SANTIAGO	200	1.214,83	1.180,39
G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS (PONTEVEDRA)	1.000	6.074,13	5.901,93
R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO (MIXTA)	90	546,67	531,17
G15074743	REAL INSTITUCIÓN BENÉFICA SOCIAL PADRE RUBINOS	300	1.822,24	1.770,58
G36039980	VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL	80	485,93	472,15
			TOTAL XUSTIFICADO (cargo ao cofinanciamento Parlamento de Galicia e Consellería Medio Rural)	**43.318,18**

PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia se comprometeu a levar a cabo a xestión económica deste convenio respecto da parte a cofinanciar pola Consellería de Medio Rural e a súa propia, por un total de 50.000,00€, a partes iguais entre ambas. Porén a Vicepresidencia se encargaba da xestión económica dos compromisos da súa parte que podían acadar ata un máximo de 15.000,00€.

2. Autorizar, dispor, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento das cuantías indicadas aos provedores relacionados contra as facturas presentadas, sendo os datos destes:

PROVEDOR	CIF	PRODUTO	CONTÍA	UD.	IMPORTE (IVE incluído)
AGRIGGA CARNE SOCIEDADE COOP.GALEGA	F70490370	Carne de estufado de tenreira galega	1.000	Kg.	8.580,00 €
J TABOADA, S.A.	A15162795	Carne de estufado de tenreira galega	1.500	Kg.	12.870,00 €
KALEKOI, S.L.	B94115508	Iogur	1.128	Ud.	767,04 €
COOPERATIVA LACTEOS UNIDAOS SCG (CLUN)	F70509096	Iogur Clun	6.000	Ud.	1.194,86 €
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA*	V15211303	Mel	375	Ud.	3.105,01 €
PESCADOS GALMAR, S.L.	B36475416	Conxelados varios			3.344,64 €
JB CAO, S.L.	B15061468	Grelos	180	Ud.	571,18 €
JB CAO, S.L.	B15061468	Alimentos varios			3.790,75 €
VILLASENIN S.A. (RUTA JACOBEA)	A15043680	Transporte cátering			8.283,00 €
TRANSPORTES OTERO GÓMEZ, S.A.	A36699320	Transporte das caixas			931,70 €
				TOTAL	**43.438,18**

Os provedores integrados en C.R.I.X.P MEL DE GALICIA e que facturaron por separado ata sumar ese importe total son:

TITULAR	DNI/CIF
CAL LENCE, LUCÍA	32750795Z
CARREIRAS CUADRADO, JAVIER	34637726W
DEL CAMPO VILLAR, ADRIÁN	44474452L
ERICA MEL	F15232937
GARCÍA PORTO MARÍA ISABEL	76719236E

PARLAMENTO
DE GALICIA

PÉREZ ALONSO, JOHNNY	44488044H
SOTELO FERNÁNDEZ, XAVIER	53115340Z
SOUTO VIVO C.B. EVA SIEJO MURAS	36152423B

3. Comunicar ás entidades sociais beneficiarias o importe final que acada a subvención en especie recibida no exercicio 2020 do Parlamento de Galicia e a Consellería de Medio Rural ao abeiro deste convenio.

O Presidente

PARLAMENTO
DE GALICIA
Miguel Ángel Santalices Vieira - Presidente

2021.02.11 14:34:20 +01'00'

RLAMENTO DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO.

No pazo do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, a dezaoito de xullo de 1995,

COMPARECEN

Dunha parte, o **Excmo. Sr. D. Victorino NÚÑEZ RODRIGUEZ**, en nome e representación do Parlamento de Galicia, que ostenta de conformidade co previsto no artigo 31.1 do Regulamento da Cámara;

E da outra, **don Antonio FRAGUAS e FRAGUAS**, maior de idade, casado, con domicilio na rúa de Montero Ríos, número 36 de esta ciudade, quen intervén en nome e representación do Patronato do Museo do Pobo Galego, que ostenta de conformidade co previsto no artigo número 15, b dos seus vixentes Estatutos legalmente aprobados.

Ámbolos comparecentes recoñecense mutuamente a capacidade legal suficiente para intervir neste acto e acordalo presente convenio de colaboración nos termos que a continuación se estipulan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a data da súa fundación, no ano 1963, o Museo do Pobo Galego foi acadando un posto relevante entre as institucións galegas que se adican ó estudio, investigación e divulgación da cultura galega e dos valores culturais do pobo galego. Durante estes anos, o Museo enriqueceu a cultura galega con importantes achádegos e con unha experiencia científica e cultural recoñecida. A riqueza, por exemplo, dos fondos bibliotecarios e documentais do Museo sobre cultura galega xustifican xa por si mesmo calquera desexo de colaboración.

O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego poden establecer proveitosas relacións culturais, orientadas non soamente ó mellor servicio ó pobo galego, do que o Parlamento é a súa máxima representación, senón tamén na medida en que as mesmas necesidades da Cámara poden resolverse en moitos casos, relacionados coa cultura galega, dun xeito máis efectivo e máis entrañable mediante unha axeitada relación.

Estes vencellos, intensificanse, ademais, polo feito de que, coa data do 28 de maio de 1994, o Patronato do Museo do Pobo Galego considerou que o

Parlamento de Galicia debía ter no mesmo a súa representación institucional, feito que a Mesa do Parlamento aceptou con satisfacción na súa reunión do 22 de xuño de 1994, acordando, concretamente, que a súa representación fóra por delegación e, a ser posible, de xeito rotatorio.

Por eso, os comparecentes, de acordo cos mandatos legais que lle corresponden, de conformidade coas normas ou estatutos que os rexen,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego, representados respectivamente polos comparecentes, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas cláusulas que a continuación se estipulan.

SEGUNDO.- O Museo do Pobo Galego comprométese formalmente a prestar aquel asesoramento que, dentro de acordo coas súas funcións, precise a Cámara e os seus membros para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coas necesidades expresadas pola presidencia ou pola Mesa do Parlamento.

TERCEIRO.- Entre o Museo do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia establécese un acordo de relación interbibliotecaria, nos termos normais neste tipo de relacións, establecendo aquelas formas de préstamo usuais, con exclusión de aqueles fondos que cada unha das institucións fixe nunhas normas complementarias.

CUARTO.- O Museo do Pobo Galego poderá depositar no Parlamento de Galicia aquelas obras de interese cultural nas vitrinas e dependencias do Parlamento de Galicia, mediante acordo mutuo das respectivas necesidades e posibilidades.

QUINTO.- O Museo do Pobo Galego poderá realizar nas súas depdencias exposicións e actos nos que participe o Parlamento de Galicia mediante unha programación adecuada e previa a súa conformidade. Recíprocamente, o Parlamento de Galicia poderá contar cos medios dispoñibles a tales efectos polo Museo do Pobo Galego, para a programación dos seus propios actos e sempre contando coa conformidade daquel.

SEXTO.- Para o desenvolvemento máis eficaz e satisfactorio dos fins xerais da colaboración co Museo do Pobo Galego, o Parlamento de Galicia aportará para o ano en curso a cantidade de un millón de pesetas, a percibir despois da firma do presente convenio. En anos sucesivos, de seguir manténdose a colaboración, poderá renovarse por acordo presidencial, sen necesidade de aprobación de un novo convenio, entendéndose, polo tanto, prorrogado o presente polo feito da entrega da asignación devandita.

SÉTIMO.- A cantidade asignada polo Parlamento de Galicia terá o carácter de aportación voluntaria e para cada ano, sen que sobre o seu devengo se poida imponer condición algunha nin se adquiera ningún dereito para o sucesivo nin prórroga tácita, polo que a outra parte non poderá reclamar cantidade algunha nin intereses ou calquera outra cantidade polo feito de retrasos na entrega ou simplemente polo non pago no sucesivo.

OITAVO.- O incumprimento do presente convenio ou dalgunha das súas cláusulas poderá ser causa de resolución.

En proba de conformidade, previa lectura do acordado neste acto, os comparecentes asinan o presente Convenio de Colaboración no nome do Parlamento de Galicia e do Museo do Pobo Galego, respectivamente, no lugar e data indicados.

O presidente
do Parlamento de Galicia

O presidente do Museo
do Pobo Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
2 0 XULL. 2016
Núm. 22840

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º-COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) COMUNICACIÓNS

Comunicacións de Entidades

-52094 Escrito do presidente da Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que solicita a revisión polo Parlamento de Galicia da súa contribución económica para o funcionamento da referida entidade

O Parlamento de Galicia ven efectuando unha achega como membro do Padroado ao Museo do Pobo Galego en virtude dun Convenio de colaboración asinado o 18/07/1995. Actualmente a achega resulta do acordo da Mesa do PG adoptado o 18/09/2016 que a fixou en 9.000€ actualizada conforme ao IPC nos exercicios seguintes, de xeito que a no exercicio anterior abonoúselle 10.743,12€, sendo a suba para este ano dun 0%.

Examinada a petición do Presidente da Xunta Reitora presentada o 15/07/2016 sobre a revisión á alza da contribución económica.

Téndose recibido a documentación das contas anuais que se remite sobre estas datas.

Sendo incuestionable o significado do Museo do Pobo Galego e a labor que realiza en defensa da cultura galega en todos os seus ámbitos, sobre todo, cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos do patrimonio histórico antropolóxico de Galicia, estímase que cómpre atender a petición.

Verificada a existencia de crédito na partida orzamentaria á que se imputa do orzamento de gastos.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O incremento da achega do PG ao Museo do Pobo Galego ao abeiro dos termos do devandito convenio de 12.000€, que será actualizada conforme ao IPC nos vindeiros exercicios.

Segundo.- Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do

Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
20 XULL. 2016
Núm. 22840

Parlamento de Galicia e á Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.ª

Asinado dixitalmente por:
Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1ª na data 18/07/2016 13:28:19

Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos

PARLAMENTO DE GALICIA

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a documentación e a solicitude presentada polo Museo do Pobo Galego (n° 418 do 10/08/2020), e en virtude do convenio de colaboración asinado entre o Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego de 18 de xullo de 1995 e o acorde da Mesa do Parlamento do 18/07/2016 que actualiza o importe da aportación e establece a súa actualización no IPC para vindeiros exercicios, esta presidencia

RESOLVE:

Que se lle aboe ao Museo do Pobo Galego a cantidade de 12.573,81 euros que se corresponde co aboado no ano 2019 actualizado no 0,8% polo IPC xeral anual.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2020

A presidencia

MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA - 34914062Q

Firmado digitalmente por MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA - 34914062Q
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-SW-KPSC, title=PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA, ou=certificado electrónico de empleado público, o=PARLAMENTO DE GALICIA, serialNumber=34914062Q, sn=SANTALICES VIEIRA, givenName=MIGUEL ÁNGEL, cn=MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA - 34914062Q, c=ES
Fecha: 2020.08.14 11:54:22 +02'00'

3. Administración do Parlamento de Galicia
3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de xuño de 2019, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 4 de xuño de 2019, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de 8 bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación práctica nas materias de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, e xestión parlamentaria.

BASES

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes oito bolsas individuais para contribuír á formación práctica de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

a) 2 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

b) 1 bolsa de formación en comunicación institucional.

c) 2 bolsas de formación en publicacións.

d) 1 bolsa de formación en recursos humanos e contratación.

e) 1 bolsa de formación en xestión parlamentaria.

Inclúese 1 bolsa de formación adicional nunha das modalidades anteriores, reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, co fin de contribuír á súa integración laboral

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.

2. A concesión e o gozo da bolsa non supoñerá vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.

3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira*. Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBs34
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A data do seu inicio comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 € (doce mil euros) brutos, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 € (mil euros) e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de producirse o inicio ou fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren os puntos 2.c), 2.d), 2.e) e 2.f) da base décimo cuarta.

4. Así mesmo, os beneficiarios da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e condicións propios de este tipo de bolsas.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) Para as bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.

3) Para as bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou licenciatura en Filoloxía Galega.

4) Para as bolsas de recursos humanos e contratación: grao ou licenciatura en Dereito ou grao en Dirección e Xestión Pública.

5) Para as bolsas de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración, ou grao en Dirección e Xestión Pública.

6) Para a bolsa adicional, o grao ou licenciatura que corresponda á modalidade de bolsa que solicita, segundo os apartados anteriores

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2013-2014 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

f) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, a persoa solicitante debe cumprir os requisitos dos apartados anteriores correspondentes á modalidade de bolsa que solicita (*a, b, c, d* ou *e* da base primeira) e ter recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 % e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quinta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet: *www.parlamentodegalicia.gal,*

As solicitudes poderanse presentar no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de 9.30 a 14.00 e de 16.30 a 18.30 de luns a venres, e os sábados de 10.00 a 13.00, ou na sede electrónica do Parlamento de Galicia no enderezo da Internet:

https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas.

ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía email (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo V.

2. O prazo de presentación de instancias será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

3. As persoas que soliciten a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, debe referir na súa solicitude o grao e características da súa discapacidade e indicar claramente a modalidade de bolsa que solicitan de entre as previstas (*a, b, c, d* ou *e* da base primeira), en función da súa titulación académica. No formulario deberán sinalar dúas opcións, a correspondente á bolsa reservada para persoas con discapacidade e a correspondente á modalidade de bolsa á que aspiran.

Sexta. *Documentación que se achegará coas solicitudes*

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

c) Certificación académica (orixinal ou copia compulsada) na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Relación dos méritos académicos e profesionais que o solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo II.

No referido ao coñecemento de idiomas estranxeiros acreditarase, mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas a informática, cursos de formación e idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación co que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes apartados só se valorarán no que máis beneficioso resulte.

e) Acreditación documental fidedigna de méritos e actividades alegados na alínea anterior.

Esta documentación deberase presentar ordenada segundo o esquema de epígrafes do modelo utilizado na alínea anterior, debidamente paxinada e acompañada dun índice. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

f) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, copia compulsada do certificado de discapacidade e ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 % e a compatibilidade co desempeño das tarefas propias dalgunha das bolsas de formación previstas na cláusula cuarta.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da Administración responsables de emitir dito certificado e ditame, para o cal o aspirante deberá marcar na solicitude o correspondente recadro de autorización.

Sétima. *Instrución*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia resolverá e publicará na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas con indicación da causa de exclusión.

3. Se o suposto de exclusión se debe a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Transcorrido o prazo e estudadas as correccións e documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* . A estimación ou desestimación das petición de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

Oitava. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: o presidente do Parlamento de Galicia ou o vicepresidente en quen delegue.

Vogais:

— A secretaria da Mesa do Parlamento de Galicia.

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

— O letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que se designe.

Actuará de secretario o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBs14
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Novena. *Criterios de valoración*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.2. Bolsa de comunicación institucional:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos) .

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto) .

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos)

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos humanos e contratación :

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos):

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos):

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.6. Bolsa adicional de formación, reservada para persoas con discapacidade, nalgunha das modalidades previstas (*a, b, c, d* ou *e* da base primeira).

Os criterios de valoración serán os correspondentes á modalidade de bolsa solicitada polo aspirante e a súa titulación, segundo os apartados anteriores.

Décima. *Procedemento e proposta da comisión de avaliación*

1. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación dos candidatos ordenada

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obteñan a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa.

Na lista da bolsa adicional, reservada para persoas con discapacidade, incluiranse os candidatos coa correspondente puntuación, sexa cal sexa a modalidade de bolsa solicitada. O candidato que acade a maior puntuación será proposto como beneficiario da bolsa, cuxa formación se desenvolverá no servizo e na modalidade que se corresponda coa súa solicitude e titulación.

2. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) A maior puntuación obtida polo expediente académico.

b) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional.

c) De manterse o empate, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

3. Á vista da proposta da comisión de avaliación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos identificativos dos beneficiarios e dos suplentes coas puntuacións acadadas, se os houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.

4. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperaren a documentación presentada. Rematado o devandito prazo a documentación non retirada será destruída.

Décimo primeira. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, desde o día seguinte ao da súa publicación. Transcorrido o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

3. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. Se as persoas adxudicatarias non se incorporaren nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía aínda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

4. As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

5. No caso de renuncia á bolsa durante o seu desenvolvemento, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo IV.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva, para o período de desfrute restante.

No caso de que se produza esta renuncia na bolsa adicional reservada a persoas con discapacidade, se a persoa substituta solicitou unha modalidade de bolsa distinta á da persoa substituída, incorporarase á formación no servizo e modalidade de bolsa que se corresponda coa súa solicitude e titulación.

Décimo segunda. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles desde a publicación do acordo de concesión, certificación acreditativa de que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida a realización das tarefas que implican a aceptación da bolsa.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.

d) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria ou doutro organismo situado en Santiago de Compostela co que poida ter efectuado un convenio o Parlamento de Galicia en cuxo obxecto poida encaixarse a formación práctica deste persoal bolseiro, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais.

e) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puidese coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

f) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

3. Os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores ou autoras sen a correspondente autorización.

4. Se por parte do beneficiario dalgunha das bolsas existe interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, o interesado deberá cursar petición ao seu responsable de Unidade de modo xustificado, explicitando a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa que desfruta.

Os responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observaren que a dita actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no apartado un desta base décimo segunda sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.

No caso de ser autorizada a asistir, a persoa interesada deberá posteriormente presentar un informe memoria da actividade formativa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso, no período ordinario de vacacións do persoal da Administración parlamentaria, de dúas semanas continuadas, ou partidas en dos períodos de semana. Do mesmo modo poderán gozar de catro días de descanso dende a Semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e fin deste períodos correspóndelle ao xefe da unidade administrativa onde estea formándose a persoa bolseira, atendendo ás necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningún caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Décimo terceira. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa no suposto de que a persoa bolseira non realizase o traballo para a súa formación práctica en condicións satisfactorias, cando se deixasen de reunir os requisitos que se exixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumprisen, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Décimo cuarta. *Recursos*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. Facultades da Presidencia

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela 4 de xuño de 2019.
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo I

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

NOME DA VÍA	NUM.	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

☐ **Electrónica** a través do enderezo da internet https://sede.parlamentodegalicia.gal. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

☐ **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA	NUM.	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

OBXECTO DA SOLICITUDE: **(indicar a modalidade de bolsa que solicita (cfr. base 1ª) e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)**

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

DNI

Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4

Certificación académica

Relación de méritos académicos

Anexos que figuran nas bases

Outros

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OBSERVACIÓNS:

A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de seguridade social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia,* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Pode obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

.....,,de ..... de .....

Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo II
RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos: .....
Nome:.....

1. Titulación universitaria requirida: .....
Graduada/o ou licenciada/o ou diplomada/o: .....
Universidade de: .....
Data de iniciación da titulación universitaria:.....
Data de obtención da titulación universitaria: .....

2. Expediente académico:
Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10) .....

3. Formación académica adicional:
3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintos dos exixidos para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionados co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Outros estudos e experiencias, nos ámbitos requiridos:
4.1. Cursos nos ámbitos requiridos:

Cursos	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4.2. Experiencias nos ámbitos requiridos:

Prácticas e experiencia	Institución, centro, empresa	Duración (meses)	Nº de páxina do expediente documental

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5. Coñecementos de idiomas estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A persoa que asina declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificados documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

..... , ... de ..... de 2019

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.
Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de seguridade social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia,* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal. Non están previstas transferencias internacionais de datos.
Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.
Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.
Pode obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Nome e apelidos)_____DNI/NIF_____
Enderezo_____CP_____Localidade_____
Provincia_____

En cumprimento do establecido na base décimo terceira da convocatoria para a concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como beneficiario dunha bolsa na modalidade de ....., DECLARO RESPONSABLEMENTE:

que, no caso de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, me comprometo a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

....., ... de ..... do 2019

(Sinatura da persoa beneficiaria)

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo IV

MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA

(Nome e apelidos) _____DNI/NIF_____
Enderezo_____ CP _____ Localidade _____
Provincia_____

En cumprimento do establecido na base décimo primeira, apartado 5, da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesto a miña vontade de renunciar á percepción da bolsa que me foi outorgada na modalidade de ....., a partir do ....., e motivada nas seguintes razóns:

_____
_____
_____

Comuníco esta renuncia para os efectos oportunos

....., ... de ..... de 20..

(Sinatura da persoa interesada)

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO V

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

(Nome e apelidos)..... ....., con DNI/NIF núm. ....., enderezo ....., C.P....., localidade ....., provincia ..... , teléfono fixo ....., teléfono móbil ....., correo electrónico .....,

Manifesto que presentei unha solicitude para a obtención dunha bolsa para formación práctica de ....., no Parlamento de Galicia, con data ..... no .....

(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

....., ... de ..... de 2019

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía email: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGrtCPLBBsJ4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.5. Axudas, bolsas e premios

Resolución do procedemento de concesión de varias bolsas de formación

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de outubro de 2019**,** adoptou o seguinte acordo:

Logo de examinada a proposta da comisión de avaliación para conceder as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 4 de xuño de 2019 (BOPG nº 485, do 10 de xuño de 2019 e DOG núm. 113 , do 17 de xuño de 2019), a Mesa adopta do seguinte ACORDO:

1º. Resolver a concesión de bolsas conforme a seguinte relación nominal das persoas beneficiarias e dos seus suplentes:

A) Persoas beneficiarias

—Bolsas de formación en Arquivo, Biblioteca e Documentación

Fonticoba Fernández, Tania	15,43 puntos.
López Roca, Javier	10,43 puntos.

—Bolsa de formación en Comunicación Institucional

González López, Paula	16,20 puntos.

—Bolsa de formación en Publicacións

Iglesias Arriaran, Claudia	15,53 puntos.
Piñeiro Pais, Laura	15,37 puntos.

—Bolsa de formación en Recursos Humanos e Contratación

Paz González, Sara	17,24 puntos.

—Bolsa de formación en Xestión Parlamentaria

Paz González, Sara	17,24 puntos.

—Bolsa de formación para a quenda de discapacidade (Publicacións)

Blanco Estévez, Patricia	16,25 puntos.

B) Lista de suplentes

—Bolsas de formación en Arquivo, Biblioteca e Documentación.

Non hai

CSV: BOPGDSPGkQMBzfsfB2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—Bolsa de formación en Comunicación Institucional

1	Castro Silva, Ángel	16,07
2	Grela Barros, María del Pilar	15,56
3	Rodríguez Fernández, Antón	15,47
4	García Álvarez, Sofía	15,39
5	Otero García, Antía	14,97
6	Villamarín Alonso, María Isabel	14,90
7	Canle Fernández, Esteban	14,53
8	Rodríguez Piñeiro, María Jesús	13,79
9	Sante Otero, José	13,13
10	Fernández Peón, Alexandre	12,99
11	Dávila Fernández, Pedro	12,98
12	López López, Raquel	12,55
13	López Martínez, Raquel	12,53
14	Fernández Rodríguez, Marcos	12,50
15	Puga Ledo, Lucía	12,48

—Bolsas para o Servizo de Publicacións

1	Sotelo Domínguez, Helena	14,76
2	Pardo Álvarez, Héctor	14,47
3	Castro Lorenzo, Laura	13,67
4	Ballesteros Sanjorge, Katrin	12,53
5	Saavedra Blanco, Lucía	11,39

—Bolsa de formación en Recursos Humanos e Contratación

1	García Ferreiro, Anxo	14,82
2	Sueiro Rodríguez, María Dolores	13,99
3	Núñez Pena, Anaís	12,79
4	Arteaga López, Sara	12,57
5	Soengas Leis, Adrián	12,46
6	Rey Fernández, Patricia	12,20
7	Nieves Brey, María del Carmen	11,98
8	Sobrido García, Eloy	11,35
9	López Iglesias, Antonio	10,26
10	Basurco González, Carla	10,18
11	Franco Mata, Ana	10,09

—Bolsa de formación en Xestión Parlamentaria

1	García Alonso, Adrián	15,90
2	García Ferreiro, Anxo	14,82
3	Santos Seoane, Jonatan	14,58
4	Sueiro Rodríguez, María Dolores	13,99
5	Díaz Méndez, Diego Luís	13,77

CSV: BOPGDSPGkQMBzfsfB2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6	Ribeiro Coelho, Bárbara	13,00
7	Núñez Pena, Anaís	12,79
8	Arteaga López, Sara	12,57
9	Soengas Leis, Adrián	12,46
10	Antelo Alvite, Xurxo	12,38
11	Rey Fernández, Patricia	12,20
12	Nieves Brey, María del Carmen	11,98
13	Sobrido García, Eloy	11,35
14	López Iglesias, Antonio	10,26
15	Franco Mata, Ana	10,09

2º. A incorporación das persoas beneficiarias das respectivas bolsas ao Parlamento de Galicia será o 15 de outubro de 2019.
3º. Publicar o acordo de concesión da bolsa no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGkQMBztsfB2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, do 4 de xuño de 2020, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na sesión do 4 de xuño de 2020, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de sete bolsas orientadas á formación práctica no Parlamento de Galicia nas materias de: arquivo, biblioteca e documentación; comunicación institucional; publicacións; recursos humanos e contratación; xestión parlamentaria, e unha bolsa de formación adicional nunha das modalidades anteriores reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes oito bolsas individuais para contribuír á formación práctica de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

a) Dúas bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

b) Unha bolsa de formación en comunicación institucional.

c) Dúas bolsas de formación en publicacións.

d) Unha bolsa de formación en recursos humanos e contratación.

e) Unha bolsa de formación en xestión parlamentaria.

Inclúese unha bolsa de formación adicional, nunha das modalidades anteriores, reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento co fin de contribuír á súa integración laboral.

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.

2. A concesión e o gozo da bolsa non supoñerán vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.

3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Terceira. *Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 (doce mil) euros brutos, que se percibirán logo de ter finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 (mil) euros, e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de se producir o inicio ou a fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren as alíneas 2.c), 2.d), 2.e) e 2.f) da base décimo segunda.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e das condicións propios deste tipo de bolsas.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) Para as bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas, ou Comunicación Audiovisual.

3) Para as bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (primeira lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, graduado en estudos de galego e español con itinerario en lingua galega e española, licenciatura en Filoloxía Galega.

4) Para as bolsas de recursos humanos e contratación: grao ou licenciatura en Dereito ou grao en Dirección e Xestión Pública.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5) Para as bolsas de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración, grao en Dirección e Xestión Pública.

6) Para a bolsa adicional o grao ou a licenciatura que lle corresponda á modalidade de bolsa que solicita, segundo os puntos anteriores.

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2014-2015 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

f) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, a persoa solicitante debe cumprir os requisitos das alíneas anteriores correspondentes á modalidade de bolsa que solicita (a, b, c, d ou e da base primeira) e ter recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quinta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da internet: *www.parlamentodegalicia.gal*

As solicitudes poderanse presentar:

— Con preferencia, na sede electrónica do Parlamento de Galicia, co seu correspondente CSV (código seguro de verificación), no seguinte enderezo da internet:

https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas.

— De modo presencial, mediante cita previa (teléfono 981551300), ante o Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, nº 63, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña), en horario de rexistro, que se publicará na web do Parlamento de Galicia.

— Por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía *email* (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo V.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

3. As persoas que soliciten a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade deben referir na súa solicitude o grao e as características da súa discapacidade, así como indicar claramente a modalidade de bolsa que solicitan de entre as previstas (a, b, c, d ou e da base primeira), en función da súa titulación académica. No formulario deberán sinalar dúas opcións: a correspondente á bolsa reservada para persoas con discapacidade e a correspondente á modalidade de bolsa á que aspiran.

Sexta.- *Documentación que se debe achegar coas solicitudes*

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

a) Unha copia do documento nacional de identidade ou do documento de identificación de estranxeiría.

b) O certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

c) A certificación académica, na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Unha copia dos méritos académicos e profesionais que a persoa solicitante somete á valoración. Só contabilizarán aqueles méritos dos que se achegue a proba documental e na que se acredite a súa veracidade.

No referido ao coñecemento de idiomas estranxeiros, este acreditarase mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou polas institucións ou os centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas á informática, aos cursos de formación e aos idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación co que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes epígrafes só se valorarán no que máis beneficioso resulte para a persoa solicitante.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo II.

e) No caso de solicitar a bolsa adicional reservada para persoas con discapacidade, unha copia compulsada do certificado de discapacidade e do ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento e a compatibilidade co desempeño das tarefas propias dalgunha das bolsas de formación previstas na cláusula cuarta.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da administración responsables de emitir o dito certificado e ditame, para o cal a persoa aspirante deberá marcar na solicitude o correspondente recadro de autorización.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. Excepcionalmente, a administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Sétima. *Instrución*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Logo de transcorrer o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia resolverá e publicará na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa da exclusión.

3. Se o suposto de exclusión se debe a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Tras transcorrer o prazo e estudar as correccións e os documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A estimación ou a desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Oitava. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou a denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: o presidente do Parlamento de Galicia ou o vicepresidente, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

— A secretaria da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia.

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

— O letrado oficial maior ou a letrada ou o letrado que se designe.

Actuará de secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Novena. *Criterios de valoración*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.2. Bolsa de comunicación institucional:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos) .

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto) .

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos humanos e contratación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos):

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.6. Bolsa adicional de formación, reservada para persoas con discapacidade, nalgunha das modalidades previstas (a, b, c, d ou e da base primeira).

Os criterios de valoración serán os correspondentes á modalidade de bolsa solicitada pola persoa aspirante e a súa titulación, segundo os puntos anteriores.

Décima. *Procedemento e proposta da comisión de avaliación*

1. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obteñan a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa .

Na lista da bolsa adicional, reservada para persoas con discapacidade, incluiranse os candidatos coa correspondente puntuación, sexa cal sexa a modalidade de bolsa solicitada. A persoa candidata que acade a maior puntuación será proposta como beneficiaria da bolsa, cuxa formación se desenvolverá no servizo e na modalidade que se corresponda coa súa solicitude e titulación.

2. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) A maior puntuación obtida polo expediente académico.

b) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional.

c) De se manter o empate, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

3. Á vista da proposta da comisión de avaliación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos de identificación das persoas beneficiarias e das suplentes coas puntuacións acadadas, se as houber, ou a declaración de deserta dalgunha

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.

4. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperaren a documentación presentada. Ao rematar o devandito prazo a documentación non retirada será destruída.

Décimo primeira. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, desde o día seguinte á súa publicación. Ao transcorrer o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

3. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. Se as persoas adxudicatarias non se incorporan nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía, ben que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

4. As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, por criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

5. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo IV.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva, para o período de gozo restante. No caso de que se produza esta renuncia na bolsa adicional reservada a persoas con discapacidade, se a persoa substituta solicitou unha modalidade de bolsa distinta á da persoa substituída, incorporarase á formación no servizo e na modalidade de bolsa que se corresponda coa súa solicitude e titulación.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Décimo segunda. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles desde a publicación do acordo de concesión, unha certificación acreditativa de que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida a realización das tarefas que implican a aceptación da bolsa.

c) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.

d) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria ou doutro organismo situado en Santiago de Compostela co que poida ter efectuado un convenio o Parlamento de Galicia en cuxo obxecto poida encaixarse a formación práctica deste persoal bolseiro, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais.

e) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puidese coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

f) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

3. Os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

4. Se por parte da persoa beneficiaria dalgunha das bolsas existe interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, quen sexa interesado ou interesada deberá cursar petición ao seu responsable da unidade de modo xustificado, na que explicitará a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

A persoas responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observaren que a dita actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no punto 1 desta base décimo segunda sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso de ser autorizada e asistir, o interesado ou a interesada deberá posteriormente presentar un informe memoria da actividade formativa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso, no período ordinario de vacacións do persoal da Administración parlamentaria, de dúas semanas continuadas, ou partidas en dous períodos dunha semana. Do mesmo modo, poderán gozar de catro días de descanso desde a semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e da fin destes períodos correspóndelle ao xefe da unidade administrativa onde estea formándose a persoa bolseira, atendendo as necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningún caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Décimo terceira. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia, ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas, máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa, no suposto de que a persoa bolseira non realice o traballo para a súa formación práctica en condicións satisfactorias, cando se deixen de reunir os requisitos que se exixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumpran, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Décimo cuarta. *Recursos*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o adecuado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, o 4 de xuño de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo I

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

NOME DA VÍA	NUM	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

☐ **Electrónica** a través do enderezo da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

☐ **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA	NUM	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

OBXECTO DA SOLICITUDE: **(indicar a modalidade de bolsa que solicita (cfr. base 1ª) e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)**

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

DNI

Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4

Certificación académica

Relación de méritos académicos

Anexos que figuran nas bases

Outros

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OBSERVACIÓNS:

A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento **"Alumnado en prácticas e bolsas de formación**", cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercizo de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.
Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de seguridade social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal .Non están previstas transferencias internacionais de datos.
Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.
Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.
Pode obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases Convocatoria
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

		de		de	

Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo II

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos: .....
Nome:.....

1. Titulación universitaria requirida: .....
Graduada/o ou licenciada/o ou diplomada/o: .....
Universidade de: .....
Data de iniciación da titulación universitaria:.....
Data de obtención da titulación universitaria: .....

2. Expediente académico:
Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10) .....

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das esixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Outros estudos e experiencias, nos ámbitos requiridos:
4.1. Cursos nos ámbitos requiridos:

Cursos	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4.2. Experiencias nos ámbitos requiridos:

Prácticas e experiencia	Institución, centro, empresa	Duración (meses)	Nº de páxina do expediente documental

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5. Coñecementos de idiomas estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A/O abaixo asinante declara que os datos indicados son correctos e certos e que están xustificados documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

..... , ... de ..... de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter personal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento "Alumnado en prácticas e bolsas de formación", cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercizo de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás Administracións Públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia,* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal .

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou na dirección de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dª_____DNI/NIF_____
Enderezo_____CP_____Localidade_____
Provincia_____

En cumprimento do establecido na base décimo terceira da convocatoria para a concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como beneficiario/a dunha bolsa na modalidade de .....,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

que, no caso de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, se compromete a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

....., ... de ..... do 2020

(Sinatura da persoa beneficiaria)

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo IV

MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA

D./Dª_____DNI/NIF_____
Enderezo_____CP_____Localidade_____
Provincia_____

En cumprimento do establecido na base decimo primeira, apartado 5) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesta a súa vontade de renunciar á percepción da bolsa que lle foi outorgada na modalidade de ....., a partir do ....., e motivada nas seguintes razóns:

_____
_____
_____
_____

Comunícase esta renuncia para os efectos oportunos

....., ... de ..... de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO V

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

D./Dª ..... , con DNI/NIF núm. ....., enderezo ....., C.P. ....., localidade ....., provincia ..... , teléfono fixo ....., teléfono móbil ....., correo electrónico .....,

Manifesta que presentou unha solicitude para a obtención dunha bolsa para formación práctica de ....., no Parlamento de Galicia, con data ..... no .....

(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

....., ... de ..... de 2020

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía email: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGhhTnc725C7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 3704 (11/POC-000600)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de introducir, con motivo do relanzamento do sector eólico, mecanismos que fagan posible a capacidade de planificación e desenvolvemento eólico con figuras que existiron na normativa e o estudo doutras novas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 3709 (11/POC-000601)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da competencia sancionadora respecto das infraccións en materia de obrigas e prohibicións derivadas da covid-19, así como a dotación de seguridade xurídica á sociedade galega nesta materia mediante a aprobación da normativa correspondente
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de outubro de 2020, de concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2020**,** adoptou o seguinte acordo:

Mediante acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de xuño de 2020 (BOPG nº 641, do 8 de xuño de 2020 e DOG núm. 116, do 15 de xuño de 2020) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

De acordo coa a base oitava, apartado 3 da convocatoria, o 5 de outubro de 2020 constituíse a Comisión de valoración, co obxecto de estudar os expedientes académicos e os méritos acreditados polos aspirantes e avalialos de acordo coa repartición de puntuación en cada un dos apartados previstos na cláusula novena das bases da convocatoria.

Por proposta da Comisión de valoración, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de outubro de 2020, acordou incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.

Na súa reunión do 19 de outubro de 2020, a Comisión de valoración, á vista dos resultados da puntuación acadada polas persoas aspirantes, elaborou unha lista coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e acordou, en cumprimento da base décima da convocatoria, facer a correspondente proposta de concesión.

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Concederlles as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia ás persoas que acadaron a maior puntuación en cada unha das bolsas convocadas, que son as seguintes:

a) Bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación:

1. RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO: 17,58

b) Bolsa de formación en comunicación institucional:

1. RAMOS CUBA, LAURA: 18,58

c) Bolsa de formación en publicacións

1. PERNAS RUBAL, CRISTIAN: 18,59
2. BRANDARIZ VARELA, SUSANA: 16,73

d) Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

1. AMBOAGE SANTOS,FÁTIMA: 18,93

e) Bolsa de formación en xestión parlamentaria

1. PÉREZ FERNÁNDEZ, ADRIÁN: 19,00
2. ROMERO CARRERA, XIMENA: 17,88

f) Bolsa de formación para a quenda de discapacidade (comunicación institucional)

1. FIAÑO LLERAFO, DANIEL: 13,00

2º. Que a data de incorporación das persoas beneficiarias das respectivas bolsas ao Parlamento de Galicia sexa o 2 de novembro de 2020.

3º. Que, no caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa, se utilizará a seguinte lista de reserva para substituíla:

LISTAS DE SUPLENTES

— Bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación

Non hai.

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Bolsa de formación en comunicación institucional

GARRIDO REBOREDA , LAURA: 16,09
GARCÍA ÁLVAREZ, SOFÍA: 16,03
PORCA RODRÍGUEZ, NATALIA: 15,71
VIOR LANZA, PATRICIA: 14,60
AÑÓN GÁNDARA, AMARA: 14,32
RODRÍGUEZ PIÑEIRO, MARÍA JESÚS: 14,23
CASTRO BACARIZA, BEATRIZ CRISTINA: 13,67
AMBOAGE SANTOS, PATRICIA: 13,16
PETEIRO PATIÑO, PEDRO: 13,10
MARTÍNEZ LORENZO, CINTHYA: 12,97
FONTELA ALVELO, LARA: 12,60
GARCÍA GARCÍA, LAURA: 12,12
CORTIZO SALGUEIRO, NOELIA: 12,03
RODRÍGUEZ MIRA, LARA: 11,85
MARTÍNEZ OLAZÁBAL, SUSANA: 11,84
SUÁREZ RODRÍGUEZ, AINARA: 11,79
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, LUCILA MARÍA: 11,64
ESTÉVEZ ALONSO, MARCELA: 11,55
SANMARTÍN SAMPEDRO, FERNANDO: 10,74
SERRANO OTERO, RAQUEL: 9,96

— Bolsas de formación en publicacións

SILVA HERVELLA, IRMA: 14,90
GARCÍA DÍAZ, NOELIA: 14,49
LÓPEZ GONZÁLEZ, MAR: 14,36
RUMBO CALVO, IRINA: 13,25
BLANCO CASAS, ANTÓN: 13,19
PEREIRAS VILLAMAYOR, ANTÍA: 13,15
VILLAR AIRA, SARA: 13,14
COCHÓN FALCÓN, ALBA: 13,12
REI MARTIZ, ANTÍA: 13,00
VILLANUEVA GONZÁLEZ, ROCÍO: 12,27
NAYA SÁNCHEZ, XIÁN: 11,70
GONZÁLEZ IGLESIAS, MARÍA: 11,03
PORRIT MARCHENA, SARA: 10,19
QUINTEIRO SUÁREZ, CRISTINA: 9,84

— Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

ROMERO CARRERA, XIMENA: 17,68
FONTÁN BEMPOSTA, VERÓNICA: 16,88
AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA: 15,20
SUEIRO RODRÍGUEZ, MARÍA DOLORES: 14,89

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAMBEIRO PORRÚA, BIEITO: 14,62
VÁZQUEZ-PORTOMEÑE GUILLÁN, SANDRA: 12,02
POUSADA PACHECO, MARÍA: 11,44
LOMBA LOMBA, ASTRID MARGARITA: 11,19
CRESPO RODRÍGUEZ, ESPERANZA: 11,18

— Bolsa de formación en xestión parlamentaria

CAMPO MARTÍNEZ, ALBA: 17,69
FERNÁNDEZ DA SILVA, ÁNGELA: 15,75
AMOEDO DOMÍNGUEZ, SONIA MARÍA: 15,40
SUEIRO RODRÍGUEZ, MARÍA DOLORES: 15,08
CAMBEIRO PORRÚA, BIEITO: 14,82
SEOANE GROVAS, ANTÍA: 13,64
RODRÍGUEZ LAGO, JESÚS: 13,64
GONZÁLEZ GÓMEZ, INMACULADA: 13,57
GARCÍA PATIÑO, ALEXANDRA: 13,36
DE LIMA GONZÁLEZ, JENNIFER: 13,29
COTROFE GRELA, DAVID : 13,12
RODRÍGUEZ ESCRIBANO, ÁNGEL: 12,63
ÁLVAREZ MARTÍNEZ, ELENA: 12,53
VÁZQUEZ-PORTOMEÑE GUILLÁN, SANDRA: 12,19
POUSADA PACHECO, MARÍA: 11,62
LOMBA LOMBA, ASTRID MARGARITA: 11,35
GARCÍA GÓMEZ, SAMUEL: 10,92
PAZ PINO, NOELIA: 10,36

— Bolsa de formación para a quenda de discapacidade:

Non hai.

4º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal de Réxime Interior para que proceda á súa execución.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/